



MÚSICA

Festival Internacional de Folclore

EN NARÓN

MÚSICA

Tesouro

NO FESTIVAL MAROLA

Exemplar gratuito



The Pearwees

NO FELICIA POP

A.C. Felicia

Do 30 de xullo ao 1 de agosto a parroquia fenesa de Limodre acolle a nova edición do festival Felicia Pop, un evento musical internacional que canda o Xiria Pop de Carballo é o máis veterano no seu xénero en Galicia. Das claves da súa historia e funcionamento falamos coa organización, a asociación cultural Felicia.

TEXTO: Nicolás Vidal | **FOTO:** A.C. Felicia

Aí. Tres décadas facendo un festival internacional de música nunha pequena parroquia do rural. Ten mérito.

FP. O salto mortal é triple porque non temos patrocinio privado, que sería o seu. Detrás hai o traballo de moita xente, unha aposta por un tipo de música e o criterio ou coherencia á hora de programar polo gusto de ver na casa a artistas que che gustan.

Aí. Como naceu o festival?

FP. De xeito natural, en 1998 sendo uns mozos amantes do pop atemporal comezamos facendo fanzines (18 Rodas, Flores y Abejas, etc.) e organizando concertos na escola de Limodre. O paso foi artellar un festival para reunir aos amigos e traer concertos de power pop, psicodelia, soul, folk rock ou muiñeira pop. Así naceu a asociación Felicia, que segue a organizador o festival, ata 2018 co nome de Felipop e desde o ano seguinte, de Felicia Pop.

Aí. Por Limodre pasaron desde apostas vosas ata nomes de referencia internacional.

FP. Son case 300 artistas de oito

países e toda Galicia, desde o inmenso PF Sloan ou os Pretty Things, a Peter Perret dos Only Ones a Micky, dos eternos Honeybus de Pete Dello ou os Nirvana británicos aos Blood Filloas, de Malcolm Scarpa a Optic Nerve ou Paul Collins, dos Iberos, Rezillos, Scarlets Well, Sidonie ou a Elephant Band de Xoel López... Moito talento e grandes concertos. Ao final todo é unha escusa para parolar cos amigos. Somos de carácter socializador.

Aí. Sentides que non se ten en conta o voso esforzo e a vosa aposta?

FP. Se podes facer o festival e estar con amigos o demais é menor. Pero si que nos pasma que desde a Xunta se lle dean cada ano máis de catro millóns de euros ao fondo proisraelí KKR a través das súas filiais galegas. Nos estaríamos encantados de colaborar coa Xunta como administración pública, para mellorar o programa, pero non teñen remorsos de fornecer a unha entidade que como ninguén ignora ten intereses na industria armamentística

que fai cos palestinos as barbaridades que vemos cada día. Nós o único interese que temos é o de celebrar outro ano o Felicia Pop na Hortiña con paz e amor.

Aí. Que opinades da abundancia de festivais, un milleiro en España e case un cento en Galicia?

FP. Vimos nacer e morrer unha pila deles. Algúns de rapaces que querían facer a súa actividade con criterio e razón de ser, e outros cun interese económico descarado ou facerse os modernos, e duran o que duran. Moitos lograron axuda privada, ben por eles, e pública, como nós coa Deputación e o Concello de Fene que son sensibles cun festival que se fai no rural e que dura xa 28 anos.

Aí. Cal é a clave da lonxevidade do voso modelo?

FP. Traballo feito con criterio. Hai outras mentalidades, que se o público acepta, pois ben por eles. O que resulta incómodo cando levas traballado tanto e ver axudas a festivais con bos contactos públicos que un ano venden que se celebra



“A BASE DUN FESTIVAL MUSICAL DEBERÍA SER O CRITERIO E NON OS CONTACTOS”

nunha paraxe natural e outro están no centro da cidade, ou que comezan facendo un tipo de actividades e logo se decatan de que coa música poden pillar máis subvencións. Sería xusto que ademais da Xunta, a prensa oficial vira iso e diferenciara os festivais, cousa que non sempre fai. Só lle interesa a cantidade de público que vai ou se hai algún artista *mainstream*.

AÍ. Vós ides a festivais?

FP. A algúns, pero somos máis

de salas de concertos.

AÍ. Houbo moitos cambios ao longo dos anos?

FP. Non, e iso é o malo. O público en Limodre é o mesmo pero máis vello. A xente nova está a deixar de lado o rock e o pop, seica prefiren e reggeton ou o trap. Ademais, por desgraza, quedamos sen o amigo José Ardá e o seu inesquecible local.

AÍ. Que destacariades do cartel deste ano?

FP. O apoio ao local, Bule ou Bluesons de Pontedeume,

Todo el largo Verano ou Que Vida!, que actúan ao xoves na escola con entrada de balde, e por resumir a aposta polo internacional con bandas italianas ou norteamericanas cos Magnolias e sobre todo Lolas, que é un luxo de grupo, sen esquecer a Los Romeos, entre outros.

AÍ. Que artistas representarían para vós o espírito do festival?

FP. Ducias deles. Jonathan Richman, Paul Heaton dos Housemartins, The Lemon Twigs e do pasado imposible, desde os Monkees a Andrés Dobarro, desde Michel Polnareff a Lucio Battisti, Vainica Doble, os Brincos ou El Puma se cantara en bucle “Pavo real”.

SALA CURUXEIRAS

PUERTO Y CIUDAD

4 JULIO

📍 ESPIGÓN EXTERIOR DEL MUELLE INTERIOR

🕒 10.00 A 13.00 H

JORNADA DE PESCA INFANTIL

18 Y 19 DE JULIO

📍 SALA CURUXEIRAS_ZONA INTERIOR Y EXTERIOR

EXPOSICIÓN VESPAS CLUB FERROL

 **Ferrol
Puerto**

Autoridad Portuaria
Ferrol - San Cibrao

01-03

ATLÁNTICA: NARRACIÓN ORAL

Festival

FERROL, MUGARDOS, NEDA



O FESTIVAL INTERNACIONAL ATLÁNTICA DE NARRACIÓN ORAL REGRESA Á COMARCA CUNHA PROGRAMACIÓN QUE REÚNE DESTACADAS VOCES DA ORALIDADE DE GALICIA, PORTUGAL E NAVARRA.

A programación abrírase no Colectivo Piruchela de Neda (día 1, 21.00h) coa actuación de Vero Rilo e Ángeles Goás, que presentan un espectáculo no que se mesturan creación contemporánea, tradición oral, humor e emoción.

O Centro de Interpretación de Caldoval, en Mugardos (día 2, 21.00 h) acollerá *Inequivocamente*, con Amaia Elizagoien e António Fontinha, unha proposta arredor da tradición e da memoria.

O Centro Cívico de Canido, en Ferrol (día 3, 19.00 h) recibirá *Trasnadas*, da narradora Ana Carreira. Ese mesmo día, ás 21.00 horas, Caldoval volverá ser escenario do festival con *O que non estaba escrito*, de Carmen Conde, un espectáculo baseado en historias reais recollidas pola autora ao longo da súa traxectoria.

04 **Sábado**

20.30 H

RUFUS WAINWRIGHT

Música

AUDITORIO(FERROL)

24 €



É UNHA DAS FIGURAS MÁIS DESTACADAS DA MÚSICA DE AUTOR CONTEMPORÁNEA. CANTAUTOR, COMPOSITOR E PIANISTA, A SÚA OBRA COMBINA POP, FOLK E MÚSICA CLÁSICA.

Cantautor, compositor e pianista, Rufus Wainwright leva máis de dúas décadas construíndo unha traxectoria marcada pola experimentación e a combinación de estilos. Desde o seu debut discográfico en 1998 publicou álbums de referencia como *Poses*, *Want One*, *Release the Stars* e *Folkocracy*, aos que suma unha destacada produción como compositor de ópera.

Ao longo da súa carreira colaborou con artistas como Elton John, Joni Mitchell, Brandi Carlile e Miley Cyrus.

03 **venres**

20.30 H

ÁNDALE, BON APPÉTIT!

Infantil

PRAZA DO CPS DE SAN VALENTÍN (FENE)

DE BALDE

DIVERTIDA COMEDIA DE TEATRO DOS GHAZAFELHOS PROTAGONINZADA POR TRES CHEFS QUE CONVIDAN AO PÚBLICO A DESCURBIR A GASTRONOMÍA E A HISTORIA DE MÉXICO.

A través de receitas como tamales, enchiladas ou tacos, Ghazafellos protagoniza esta montaxe –finalista a mellor proposta para público familiar nos Premios María Casares 2024–, na que incorpora tamén a personaxes como Pancho Villa e Frida Kahlo.

06 luns

20.30 H

FRAN SIEIRA E ENCRUCILLADA

Danza e música

PRAZA DO ALCALDE RAMÓN J. SOUTO GONZÁLEZ (FENE)



A DANZA CONTEMPORÁNEA DE FRAN SIEIRA E A MÚSICA TRADICIONAL DE ENCRUCILLADA CENTRAN UNHA DAS XORNADA DO CICLO XULLO, MES DA PATRIA EN FENE.

A compañía de Fran Sieira sube ás táboas *Un baile ceibe en comunidade*, danza contemporánea que revisita o folclore galego desde unha linguaxe actual, combinando tradición e creación escénica. A continuación, Encrucillada celebrará o seu décimo aniversario cun concerto centrado na música para baile e foliada, unha actuación que reivindica a tradición musical galega cun repertorio pensado para gozar e participar.

07-08

CIRCO DE RÚA

Novo circo

ALAMEDA DE RAXOI (PONTEDEUME)



PROPOSTA DE MAXIA, ACROBACIAS E HUMOR DA MAN DO MELLOR NOVO CIRCO GALEGO.

O polifacético Fredi Muíño inaugura o día 7 este ciclo con dous espectáculos: *Soltar* (20.15 h) e *Gandaina* (21.15 h), nas que combinan malabares e teatro. O relevo tomará o día 8 a compañía MeRe Clown coa súa divertida versión de *A verdadeira historia de Hamelín* (20.15 h), e Pistacatro coa súa peza de circo contemporáneo *Tal vez* (21.00 h).



08 mércores**21.30 H**

LOVE ESTÁ EN EL AIRE

Monólogo

PRAZA DO ALCALDE RAMÓN J. SOUTO GONZÁLEZ (FENE)



DAVID AMOR COMBINA NESTE ESPECTÁCULO ANÉCDOTAS PERSOAIS, OBSERVACIÓNS SOBRE A VIDA E O SEU PARTICULAR SENTIDO DO HUMOR.

O cómico e actor pontevedrés regresa aos escenarios con este espectáculo no que aborda con humor as súas novas inxerencias sen esquecer unha das súas grandes paixóns: os aeroportos. Cun estilo directo e cheo de improvisación, mistura experiencias persoais con referencias á televisión e ao día a día para construír un monólogo repleto de situacións recoñecibles.

09 xoves**20.30 H**

DÍAZ E OTERO

Música

COLECTIVO PIRUCHELA (NEDA)

O DÚO PRESENTA EN NEDA OUTRAS TRECE CANCIÓNS BONITAS, NOMINADO A MELLOR ÁLBUM FOLCLÓRICO NA III EDICIÓN DOS PREMIOS DA ACADEMIA DA MÚSICA DE ESPAÑA.

Germán Díaz e Benxamín Otero, virtuoso da zanfona e mestre do oboe e o corno inglés unen de novo os seus talentos nun proxecto que viaxa entre a tradición ibérica e a innovación contemporánea, consolidando un universo sonoro absolutamente único.

08-12 mércores-domingo

FESTIVAL DE ORTIGUEIRA

Música

ORTIGUEIRA



A 48 EDICIÓN DO FESTIVAL INTERNACIONAL DO MUNDO CELTA REUNE GRUPOS DA ESCENA INTERNACIONAL, CON ARTISTAS CONSOLIDADOS E NOVAS PROPOSTAS DE AMBOS OS LADOS DO ATLÁNTICO.

Entre os artistas confirmados figuran Solas, considerada unha das bandas máis influentes da música celta nos Estados Unidos, que regresa a Ortigueira vinte anos despois da súa última actuación no festival. Desde Irlanda volve Lúnasa, un dos grupos de maior prestixio do folk irlandés contemporáneo, mentres que o canadense Yves Lambert, fundador de La Bottine Souriante e unha das grandes figuras da música tradicional de Quebec, achegará a súa inconfundible mestura de tradición e modernidade.

O cartel inclúe tamén aos escoceses Valtos, da Illa de Skye, que triunfan coa súa innovadora fusión de música tradicional e electrónica; ao trío bretón Noon, que se estreará no festival; ao gaiteiro Anxo Lorenzo, un dos nomes máis recoñecidos da música tradicional galega; ao asturiano Rubén Alba, referente da nova xeración de gaiteiros; e aos madrileños Xara, formación que explora as conexións entre as músicas tradicionais da Península e os sons de raíz atlántica.

11 sábado

21.00 H

CONGOSTRA

Música e danza

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

2,50 €



ESPECTÁCULO DE NOVA CREACIÓN QUE REVISAS TRADIÇÕES DE FERROLTERRA DESDE UNHA PERSPECTIVA CONTEMPORÁNEA, CUN ELENCO DE MÁIS DE TRINTA ARTISTAS DO GRUPO ALXIBEIRA DE NARÓN.

Congostra é unha obra que afonda na memoria colectiva de Ferrolterra a través dunha linguaxe contemporánea, na que dialogan tradición e actualidade. As expresións culturais da comarca cson o fío condutor dunha reflexión sobre a identidade e a súa transmisión no tempo. Con máis de trinta integrantes do grupo Alxibeira do Padroado da Cultura de Narón sobre as táboas –incluíndo corpo de baile, formación musical e pandereteiras– o espectáculo pon en valor o traballo colectivo e a riqueza das expresións tradicionais galega.

09 xoves

20.00 H

BRAVÚ XANGAI E LOITA AMADA

Música

PZA. ALCALDE SOUTO GONZÁLEZ (FENE)




MÚSICA E DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PROTAGONIZAN O ACTO CENTRAL DO MES DA PATRIA EN FENE.

O humorista gráfico e dramaturgo Paco Oti é o responsable da lectura da Declaración Institucional polo Día da Patria (Parque Lineal do Río Cádavo). A continuación, a orquestra Bravú Xangai ofrecerá un concerto que combina rock, tradición e identidade galega. A xornada pecharase coa actuación de Loita Amada, que presenta o seu último traballo discográfico.

LOVE
ella no sabe
DAVID AMOR

Mércores
8 Xullo
21.30 horas



Recollida de invitacións *
o 3 de xullo ás 12.00 horas
na Casa da Cultura de Fene
*2 invitacións por persoa adulta



Deputación
DA CORUÑA

Praza do alcalde
Ramón J. Souto González

CICLO XULLO, MES DA PATRIA - FENE 2026

18 sábado**21.00 H**

FESTIVAL DE FOLCLORE

Música e danza

PARQUE DO RÍO FREIXEIRO (NARÓN)



PERCORRIDO POLA MÚSICA E A DANZA DE DIFERENTES CULTURAS A TRAVÉS DE GRUPOS DE GALICIA, ALACANTE, MÉXICO, SERBIA E XIXÓN.

A agrupación Alxibeira, anfitriño do Festival Internacional de Folclore, compartirá escenario co Grupo de Danzas de Villena, os grupos folclóricos Estampas de México e La Alegría de Porceyo, e o Conxunto de Danza e Canto Folclórico Šumadija (Barajevo).

18 sábado**20.00 H**

SOLPORES DE CANIDO

Música

CENTRO CÍVICO DE CANIDO (FERROL)

SEGUNDA CITA DO VERÁN CON TRES PROPOSTAS QUE TRANSITAN ENTRE A EXPERIMENTACIÓN, O POP E A ELECTRÓNICA: PANTIS, FANTASMAGE E MORENO MORENO.

O Centro Cívico de Canido volve ser o escenario deste ciclo que abrirá Pantis (20.00 h) coa súa proposta intimista na que conflúen o pop de autor e a electrónica sutil. Fantasmage (21.00 h) levará ao público un universo sonoro entre o dream pop, a psicodelia e a electrónica. Pechará a noite (22.00 h) Moreno Moreno, o proxecto persoal de Jairo Moreno, cun directo no que se mesturan pop e electrónica.

25-26 sábado-domingo 13.30 H

MAROLA

Música

XARDÍNS DE HERRERA (FERROL)



O FESTIVAL MAROLA APOSTA NESTA TERCEIRA EDICIÓN POR DOUS CONCERTOS QUE MISTURAN A ENERXÍA DO ROCKABILLY DOS PORTUGUESES THE MEAN DEVILS CO POP-ROCK DE GUITARRAS DOS GALEGOS TESOURO.

The Mean Devils inauguraron o día 25 Marola. Chegan desde Porto avalados por máis de dúas décadas de traxectoria. Cun son que combina o rock'n'roll dos anos cincuenta, o rhythm & blues e unha explosiva posta en escena, a banda consolidouse como un dos nomes imprescindibles do rockabilly europeo, participando en numerosos festivais internacionais e gañándose a reputación de ofrecer directos intensos e cheos de enerxía. Pola súa banda, Tesouro –liderada polo cantante, guitarrista e compositor Carlos Rego– presentará o día 26 No centro do mundo, o seu segundo traballo discográfico. Formada por músicos cunha ampla experiencia na escena independente galega, a banda ourensá continúa explorando un pop-rock de guitarras con influencias do power pop e da new wave, dando forma a un repertorio no que conviven melodías contundentes e letras que afondan na memoria, a identidade e a procura do lugar propio.

30-01 xoves-sábado

FELICIA POP

Festival

PARQUE DA HORTIÑA. LIMODRE (FENE)

40/30 €



O FESTIVAL POP MÁIS VETERANO DE GALICIA REGRESA A LIMODRE, REUNINDO BANDAS DE REFERENCIA DA ESCENA NACIONAL E INTERNACIONAL NUNHA NOVA CELEBRACIÓN DA MÚSICA INDEPENDENTE.

O Felicia Pop volverá converter Limodre nun punto de encontro para os amantes do pop, o garage e o rock independente cunha programación repartida en tres xornadas. A apertura correrá a cargo da actriz Isabel Risco e da banda de psicodelia sesenteira Que Vida, liderada por Alfonso Espiño, nun concerto con entrada de balde.

O venres actuarán Bluesons, Lunamotos, os italianos Radio Days, os estadounidenses The Magnolias e The Peawees, cinco formacións que transitan entre o blues, o garage, o power pop e o rock'n'roll.

O sábado abrirase coa sesión vermú de The Homens e continuará cos concertos de Todo el largo verano, Bule, Lolas, Mi Vida Rosa e The Meows, completando un cartel que combina bandas consolidadas e novas propostas. Fiel á súa filosofía, o Felicia Pop volverá reunir artistas nacionais e internacionais, consolidándose como un dos festivais de referencia da música independente en Galicia. (Consultar horarios en axenda, páx. 19).

31 venres

21.00 H

LENDA ÁRTABRA

Música

FEIRA DO TRECE. SEDES (NARÓN)



O GRUPO FERROLÁN DE MÚSICA FOLK REGRESA AOS ESCENARIOS PARA PRESENTAR DIN DE MIN, O SEU SEGUNDO TRABALLO DISCOGRÁFICO.

Tres anos despois do éxito acadado coa estrea de Noites de Lenda volve subir ás táboas Lenda Ártabra. O seu novo álbum chega cargado de forza e conta con colaboracións destacadas, entre elas a de Cifu, cantante de Celtas Cortos, que participa nun tema dedicado á cidade de Ferrol.

29 mércores

20.00 H

RADIO BULE BULE

Infantil

ALBARÓN (NEDA)


PACO NOGUEIRAS CONVERTE O ESCENARIO NUNHA DIVERTIDA EMISORA, TRANSFORMANDO UN PROGRAMA DE RADIO NUN ESPECTÁCULO CHEO DE RITMO E IMAXINACIÓN.

O músico e escritor Paco Nogueiras presenta Radio Bulebule, un espectáculo familiar no que música, humor e participación do público dan forma a unha peculiar emisora de radio. A través de cancións, interpretacións e diferentes seccións radiofónicas, a proposta ofrece un percorrido lúdico polo universo sonoro.

Travesía

Suso Lista

Travesía é un mapa de cicatrices e recordos onde se cruzan piratas de onte con náufragos de agora. É o rastro dunha vila que se nega a esquecer, contado por alguén que entende que a única forma de sobrevivir á Costa da Morte é rirse de todo, empezando por un mesmo.



edicións **embora**



Galicia

Banda de Gaitas e Grupo de Baile e música
Tradicional Alxibeira do Padroado da Cultura de Narón

Alacante

Grupo de danzas de Villena

México

Grupo Folklórico Estampas de México

Serbia

Conjunto de danza e canto
folklórico "Sumadija" (Baralevo)

Xixón

Grupo Folklórico
la Alegría de Porceyo



NARÓN

Padroado da Cultura



Concello de Narón



FESTIFOLK
ESPAÑA

Marón
Sábado 18 de xullo
21:00h. Parque do Río Freixeiro

ESTREA DESTACADA | 17 DE XULLO



LA ODISEA

Christopher Nolan

Christopher Nolan é coñecido por facer filmes grandiosos, e cando che di que o seu próximo filme será o máis grande até o de agora, hai que tomar nota. Nunha nova entrevista explicou por que era este o filme que quería facer:

Emma [Thomas, produtora de Nolan] díxoo moi ben cando anunciamos este proxecto: é fundacional. Ten un pouco de todo. De verdade, contén todo tipo de historias... Como cineasta buscas o que falta na cultura da cinematografía, cousas que non se fixesen antes. E o que vin é que de todas as grandes obras mitolóxicas do cinema coas que crecín, como filmes de Ray Harryhausen e outros, nunca o vira feito co peso e a credibilidade que podía lograr un orzamento clase A e unha gran produción IMAX para Hollywood.

Para captar esta épica das épicas, Nolan revela que filmou máis de seiscentos mil metros de filme IMAX e pasou catro meses filmando escenas no mar.

É algo primitivo! Pasei no mar catro meses. O elenco que interpreta á tripulación do barco d'A Odisea estaba aí, con ondas reais, nos lugares reais. Si, foi aterrador, marabilloso e benevolente segundo ían cambiando as situacións. Queríamos realmente captar o duras que serían esas viaxes para a xente. E como eran ousados nese mundo do que coñecían pouco porque non había mapas como os que temos hoxe.

Nolan tamén escribiu o guión, compartiu algunhas ideas sobre o seu proceso de escritura:

Cando escribo, visualizo o filme como se fose un membro do público, como alguén que

experimenta a historia. Despois, cando dirixo a historia, intento levar o público alí. Entón, no caso de La Odisea, intento meter o público nese cabalo. Tento poñelos na cuberta do barco de Odiseo.

Este foi un dos filmes máis difíciles que fixo nunca.

Canto máis difícil mellor, e penso que nos esforzamos bastante nesta, quizais atopamos algúns límites.

Parece que case afogas a Matt Damon.

Desde logo, puxémolo a proba.

Sempre se achega a cada filme coma se fose o último.

Síntome cunha verdadeira responsabilidade de intentar plasmar na pantalla o máximo posible para o público, para darlle o sabor máis completo, o conxunto máis completo de imaxes e acontecementos dunha historia determinada.

Entrevista por Scott Pelley (extracto)

03 XULLO

LOS MÚSICOS

Grégory Magne

2025 | FRANCIA | 102' | FRANCÉS



Astrid logra facer realidade o soño do seu pai: reunir catro Stradivarius para un concerto único, esperado polos melómanos do mundo enteiro. Porén, os catro virtuosos recrutados para a ocasión non logran poñerse de acordo. A crise de egos estala ao ritmo dos ensaios.

Xixón 2025 (Mellor Dirección)

“Amable homenaxe aos intérpretes e compositores de música clásica “Micropsia

MAGALLANES

Lav Diaz

2025 | PORTUGAL | 160' | PORTUGUÉS



Magallanes é un navegante portugués que se rebela contra o poder do Rei, que non apoia os seus soños de descubrir o mundo a comezos do século XVI. Convince á Coroa española para que apoie a súa audaz expedición ás lendarias terras de Oriente. A viaxe leva a tripulación ao límite. En Malasia, Magallanes obsesiónase coa conquista e a conversión, o que desencadea violentos levantamentos.

SEMINCI 2025 (Mellor Filme)

“Gael García Bernal e Lav Diaz únense para unha hipnótica epopea histórica e espiritual” IndieWire

08 XULLO

LAS CORRIENTES

Milagros Mumenthaler

2025 | ARXENTINA | 105' | ESPAÑOL | +12



No cumio da súa carreira, Lina, unha profesional da moda de 34 anos, déixase levar por un impulso repentino nunha entrega de premios en Suíza. De volta a Bos Aires non di nada do acontecido, desentraña sutilmente un pasado que cría ter deixado atrás.

San Sebastián 2025 (Premio RTVE Otra Mirada)

“Mumenthaler confírmase como unha das voces máis intensas e distintas do novo cinema arxentino. Unha milagre de tenrura, calidez e entusiasmo polo cinema” El Mundo

17 XULLO

LA ODISEA

Christopher Nolan

2026 | REINO UNIDO | 173' | INGLÉS



O lendario Odiseo loita por regresar a Ítaca tras a Guerra de Troia, enfrontándose a perigos épicos e criaturas míticas. Na súa longa viaxe, desafia deuses e supera obstáculos case imposibles. O seu maior desexo é reconciliarse coa súa amada Penélope e recuperar o seu fogar.

31 XULLO

LA ÚLTIMA RONDA EN VENECIA

Francesco Sossai

2025 | ITALIA | 103' | ITALIANO



Carlobianchi e Dorian, dous cincuentóns que nunca se saltan a última copa, coñecen a Giulio, un tímido estudante de arquitectura á deriva na vida. O encontro casual convértese nunha caótica viaxe polas chairas venecianas, onde unha amizade inesperada redefine os plans de vida e amor de Giulio.

Donatello (oito premios incluíndo Mellor Filme, Mellor Director e Mellor Guión)

“Sossai transfórmase en Aki Kaurismäki e ofrécenos unha entrañable oda aos encontros de borrachos”

MOTHER MARY

David Lowery

2026 | REINO UNIDO | 112' | INGLÉS



Sam Anselm É a deseñadora de moda que creou o estilo da estrela do pop coñecida como Mother Mary. Despois dunha década de distanciamento, Mary precisa novamente de Sam.

“Unha peza de cámara visualmente fascinante con grandes interpretacións de Anne Hathaway e Michaela Coel” IGN

TREN DE SOMBRAS

CINEMA CLÁSICO E DE PATRIMONIO

PRIMEIRA PARTE: DOM 5 ÁS 16:30 H | SEGUNDA PARTE: DOM 5 ÁS 19:30 H

LA CASA DEL BOSQUE (La maison des bois)

Maurice Pialat

1971 | FRANCIA | 379' | FRANCÉS



Maurice Pialat consideraba *La casa del bosque* a súa mellor obra. Con todo, esta serie de televisión, invisible durante trinta anos e nunca emitida no noso país, segue sendo a gran obra mestra descoñecida do director de *A nuestros amores*. Dividida en sete episodios,

conta a historia duns nenos parisienses que, por mor da Primeira Guerra Mundial, son enviados a unha vila de a Francia rural, onde son acollidos por un matrimonio con tres fillos.

“É como volver á razón de ser das cousas, á razón de ser do cinema”
Mia Hansen-Løve



Nado en Francia en 1920, Maurice Pialat estivo presente durante o auge da *Nouvelle Vague*, colaborando en varios dos seus filmes máis salientables.

En 1968, con 43 anos, dirixiu a súa primeira longametraxe, *LA INFANCIA DESNUDA*, producida polo seu amigo e colaborador François Truffaut, que gañou o premio Jean Vigo. Nos seguintes 35 anos desenvolveu unha rica carreira que o consolidou como un dos grandes cineastas franceses da segunda metade do século XX.

Alguns dos seus filmes son *A NUESTROS AMORES*, con Sandrine Bonnaire (1983), ou *BAJO EL SOL DE SATÁN* (1987), gañadora da Palma de Ouro en Cannes.

O seu estilo seco e realista foi obxecto de comparacións con Robert Bresson e John Cassavettes, entre outros. Faleceu en 2003, oito anos despois do seu último filme, *LE GARÇU*.

DUPLEX Cinema

De LUNS a DOMINGO De 17:00 a 22:00
Sesións matinais sábados e domingos

Proxeccións en VOSE, agás que se sinale o contrario.

Máis información en duplexcinema.com

Travesía Moreno 3, Ferrol

info@duplexcinema.com | 981 35 60 65

Facemos parte de:





RELATOS

A IDENTIDADE

MANUEL DARRIBA | EDICIÓNS XERAIS | 112 PÁX. | **19,50 €**

HABITANTE DUN TERRITORIO LITERARIO INSÓLITO, MANUEL DARRIBA REGRESA Á ACTUALIDADE CON “A IDENTIDADE” RELATOS MOI ELABORADOS UNIDOS POLA REFLEXIÓN DO QUE SIGNIFIQUE O ACTO DE ESCRIBIR E A VERDADE VITAL DA CREACIÓN ARTÍSTICA.

Neto da Nova Narrativa Galega dos anos 60 e 70 (Mourullo, Ferrín ou sobre todo o seu paisano Camilo Gonsar) que modernizou a nosa escrita e introduciu temas existenciais e filosóficos, Darriba posúe un mundo propio que indaga no misterio da existencia a través dunha aposta polos variados xéneros literarios. Narrador, poeta, xornalista ou guionista, neste nova obra Darriba bota man claramente desta última faceta para escenificar, nunha primeira parte, a evolución vital dun escritor desde unha natureza bifronte o paso dos vinte aos cincuenta anos dunha banda, e nos seus 70 noutra de xeito permanente. Un ser dobre e a súa relación co sexo, traballo, a parella, a paternidade e a familia. Sobrevoando todo, a importancia radical da creación artística. Nunha segunda parte aparecen 13 relatos breves deste autor bífido con temas diversos que indagan na natureza dos seus protagonistas e nas áreas máis escuras ou misteriosas da nosa sociedade. Aquí Darriba amosa a súa habelencia para tratar desde a crónica política da Transición ao thriller, a guerra ou o paso do tempo. Dificil contar máis con menos.

RELATOS

TRAVESÍA

SUSO LISTA | 66 PÁX. | **12 €**

Cada nova obra de Suso Lista é como pan de broa collido do forno cheo de sabor e saber. Nos 13 relatos desta súa nova entrega que atende por “Travesía” apunta co seu enxeño e humor cara o espazo que lle é propio na terras de Corme da Costa da Morte. Universal desde un mundo rural, Lista fala das relacións entre veciños, teimas, mitoloxías, personaxes excéntricos pero alén do pintoresco mergullamos nun mundo que Lista domina. Humor como forma de coñecemento e sensibilidade que pode ir, por exemplo, do tesouro do pirata Benito Soto ata un famoso tema de Paco de Lucía.


NOVELA

A MULLER DE MENTIRA

IRIA COLLAZO LÓPEZ | EDITORIAL GALAXIA | 122 PÁX. | **16,50 €**

Obra gañadora este ano do prestixioso premio García Barros, “A muller de mentira” de Iria Collazo constrúese como unha radiografía da invisibilidade feminina e a crise de identidade moderna. A novela evita a narrativa tradicional de acción para centrarse nunha fonda e asfixiante viaxe psicolóxica. A protagonista non relata feitos, senón a súa propia desaparición social. Defínese como un “animal imaxinario” ou un ser “transparente”. A trama avanza a través da súa loita por ser tida en conta nun mundo que a ignora e lle impón un rol como unha cadea de aceiro.

DELICIAS SONORAS




DAVIDE SALVADO PERMITA DEUS

Regresa Davide Salvado, un dos nomes máis importantes da música de raíz en Galicia. Logo de once anos de silencio discográfico aquí está este intimista “Permita Deus”, once pezas que ofrecen unha visión distinta á dos seus tres anteriores traballos. O disco, autoproducido por Salvado, conta con colaboracións importantes na creación como a do violinista Abraham Seixo nas músicas e o actor e escritor Manolo Cortés nas letras, así como pezas populares arranzadas para a ocasión. O disco de son moi persoal engade á música tradicional galega do de Marín elementos contemporáneos como sintetizadores, pads, guitarras eléctricas e wurlitzers. Nos textos, o traballo fala da espiritualidade popular, os ciclos da terra (o tema “Seitura”), a memoria e o paso do tempo que conforman un ciclo de grande coherencia e unidade. Das pezas destacan temas como “A luz do sol”, “Fado para Samuel”, “Bulerías da lúa” ou “Día de feira” nas que a intimidante voz de Davide Salvado amosa os seus poderes. Outra faceta deste artista cun mundo de seu.



PABLO SANMAMED A ESTRELA MOSTRADA

O prolífico músico compostelán Pablo Sanmamed, autor de música clásica, jazz, folk e bandas sonoras variadas, vén de publicar un fascinante traballo híbrido. Probablemente estamos ante o proxecto musical máis ambicioso do compositor e contrabaixista que conta coa edición da prestixiosa discográfica aCentral Folque, o álbum consolida unha liña de investigación que conecta o patrimonio medieval ibérico co jazz contemporáneo. Conta coa colaboración dun quinteto de excelentes músicos, onde destaca a voz de Elena Tarrats, o piano de Iago Mourinho e a viola de gamba e voz do ferrolán Xurxo Varela. O traballo revisita nove pezas do cancionero popular medieval, de Martín Códax a García de Guilhade e Joan Airas pasando por Alfonso X, así como outras influencias medievais do arco mediterráneo da tradición occitana e a arábigo-andalusí. Todo arredor dun concepto visual que xira arredor do inverno e o paso do tempo e inclúe textos da poeta Alba Cid e imaxes do fotógrafo Eutropio Rodríguez. O traballo está xa en plataformas de streaming e fisicamente en formato vinilo.



CHRIS STAMEY MODERNISM

O veterano Chris Stamey é un dos referentes da new wave norteamericana desde os anos 70, cunha interesante carreira en solitario inzada de colaboracións diversas, a través da súas referencial banda The dBs e produtor de diversos grupos. Agora, lembrando a música que soaba na radio na súa adolescencia nos anos 60, publica este “Modernism”, un tributo cunha ducia de temas que o inspiraron. O bo do disco é que a pesar dos clásicos incluídos, prevalece o estilo de Stamey, ese pop luminoso e cálido que é marca da casa. Aquí fai súas desde o “Waterloo sunset” dos Kinks ata o “Hey Bulldog” dos Beatles, recupera o “Neon Rainbow” dos Box Tops ou incluso o “Ruby Tuesday” dos Stones en vella gravación co grande Alex Chilton. Troca o seu rexistro ao funk co “Thank you” de Sly Stone ou ao clásico do jazz tango de “Hernando’s Hideaway” ou directamente ao jazz de Chet Baker no “Let’s get lost”. No medio, algúns temas propios como os fantásticos “Of time and all she brings to mind” ou “Where the fun is”. Hai quen o ten e hai quen non o ten. Stamey teno.

XULLO

01mércores

FESTIVAL ATLÁNTICA

21.00 h Colectivo Piruchela. Neda.

CONTOS COLORADOS

02xoves

FEIRA

19.00 h Parque de Freixeiro. Narón.

FEIRA DA CERVEXA

CURTAMETRAXE

20.30 h Colectivo Piruchela. Neda.

KUMO KOSA TA? RECORDOS DE PALENQUE

FESTIVAL ATLÁNTICA

21.00 h Centro de Interpretación de Caldoval. Mugardos

INEQUIVOCAMENTE

03venres

INFANTIL

12.00 h Praza do CPS San Valentín. Fene.

ÁNDALE! BON APPÉTIT!



FEIRA

13.00 h Parque de Freixeiro. Narón.

FEIRA DA CERVEXA

FESTIVAL ATLÁNTICA

19.00 h Centro Cívico de Canido. Ferrol.

TRASNADAS

FESTIVAL ATLÁNTICA

20.30 h Adro da Igrexa de San Andrés de Teixido. Cedeira.

A VIAXE FELIZ DE RAMÓN SAN FIZ

FESTIVAL ATLÁNTICA

21.00 h Centro de Interpretación de Caldoval. Mugardos

O QUE NON ESTABA ESCRITO

CINE DE VERÁN

22.30 h Praza de Galicia. Narón.

DALIA Y EL LIBRO ROJO

MÚSICA

23.45 h Sala La Room. Ferrol.

FREDY ROCKER

04sábado

FEIRA

13.00 h Parque de Freixeiro. Narón.

FEIRA DA CERVEXA

MÚSICA

20.30 h Auditorio. Ferrol.

RUFUS WAINWRIGHT



MÚSICA

23.45 h Sala La Room. Ferrol.

GOLFA

05domingo

FEIRA

13.00 h Parque de Freixeiro. Narón.

FEIRA DA CERVEXA

06luns

DANZA

20.30 h Praza do alcalde Ramón José Souto González. Fene.

UN BAILE CEIBE EN COMUNIDADE

MÚSICA

21.30 h Praza do alcalde Ramón José Souto González. Fene.

ENCrucILLADA



07martes

NOVO CIRCO

20.15 h Alameda de Raxoi. Ponte deume.

SOLTAR

MÚSICA

20.30 h Praza do alcalde Ramón José Souto González. Fene.

FESTIVAL DE HABANEIRAS E CANTO CORAL

NOVO CIRCO

21.15 h Alameda de Raxoi. Ponte deume.

GANDAINA

08mércores

MÚSICA

20.00 h Ortigueira.

FESTIVAL INTERNACIONAL DO MUNDO CELTA DE ORTIGUEIRA

NOVO CIRCO

20.15 h Alameda de Raxoi. Ponte deume.

A VERDADEIRA HISTORIA DE HAMELIN

NOVO CIRCO

21.00 h Alameda de Raxoi. Ponte deume.

TAL VEZ



MONÓLOGO

21.30 h Praza do alcalde Ramón José Souto González. Fene.

DAVID AMOR



09xoves

ACTO INSTITUCIONAL

12.00 h Parque Lineal do Río Cádavo. Fene.

LECTURA DA DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLO DÍA DA PATRIA

MÚSICA

14.00 h Ortigueira.

FESTIVAL INTERNACIONAL DO MUNDO CELTA DE ORTIGUEIRA

10venres

MÚSICA

13.00 h Ortigueira.

FESTIVAL INTERNACIONAL DO MUNDO CELTA DE ORTIGUEIRA



MÚSICA

20.30 h Colectivo Piruchela. Neda.

GERMÁN DÍAZ E BENXAMÍN OTERO

MÚSICA

21.30 h Praza do alcalde Ramón José Souto González. Fene.

ORQUESTRA BRAVÚ XANGAI E LOITA AMADA

CINE DE VERÁN

22.30 h Praza de Gándara. Narón.

KUNG-FU PANDA 4

11 sábado

FEIRA

11.00 h Porto de Mugardos.

FESTA DO POLBO

MÚSICA

13.00 h Ortigueira.

FESTIVAL INTERNACIONAL D DE ORTIGUEIRA

MÚSICA E DANZA

21.00 h Pazo da Cultura. Narón.

CONGOSTRA



12 domingo

MÚSICA

18.00 h Ortigueira.

FESTIVAL INTERNACIONAL DE ORTIGUEIRA

16xoves

POESÍA

18.00 h Colectivo Piruchela. Neda.

OBRADEIRO CON YOLANDA CASTAÑO

17venres

INFANTIL

12.30 h Parque do Areal. Cabanas.

CHARLATÁN RODRIGUEZ

CINE DE VERÁN

22.30 h Praza do colexio de Xuvia. Narón.

HÉROES DE CENTRAL PARK



18 sábado

MURAL PARTICIPATIVO

10.00 h Colectivo Piruchela. Neda.

SAILA CHAO

SOLPORES DE CANIDO

20.00 h Centro Cívico de Canido. Ferrol.

PANTIS

21.00 h Centro Cívico de Canido. Ferrol.

FANTASMAGE

22.00 h Centro Cívico de Canido. Ferrol.

MORENO MORENO

23xoves

MÚSICA

20.30 h Colectivo Piruchela. Neda.

BITTER CANS

24venres

CINE DE VERÁN

22.30 h Rúa Francisco Pizarro da Solaina. Narón.

¿QUIÉN ES QUIÉN?

25 sábado

FESTIVAL MAROLA

13.30 h Xardíns de Herrera. Ferrol.

THE MEAN DEVILS

26 domingo

FESTIVAL MAROLA

13.30 h Xardíns de Herrera. Ferrol.

TESOURO



29 mércores

INFANTIL

20.00 h Albarón. Neda.

RADIO BULE BULE

30xoves

FELICIA POP

22.00 h Escola de Limodre. Fene.

ISABEL RISCO E QUE VIDA!

31venres

MÚSICA

21.00 h Feira do Trece. Sedes. Narón.

LENDA ÁRTABRA

MÚSICA

22.00 h Feira do Trece. Sedes. Narón.

ABRIL

FELICIA POP

21.40 h Parque das Hortiñas. Limodre. Fene.

BLUESONS

22.35 h Parque das Hortiñas. Limodre. Fene.

LUNAMOTOS

23.40 h Parque das Hortiñas. Limodre. Fene.

RADIO DAYS

01.00 h Parque das Hortiñas. Limodre. Fene.

THE MAGNOLIAS

02.30 h Parque das Hortiñas. Limodre. Fene.

THE PEAWEEES

01 sábado

FELICIA POP

12.30 h Parque das Hortiñas. Limodre. Fene.

THE HOMENS

21.40 h Parque das Hortiñas. Limodre. Fene.

TODO EL LARGO VERANO

22.40 h Parque das Hortiñas. Limodre. Fene.

BULE

23.40 h Parque das Hortiñas. Limodre. Fene.

LOLAS

01.10 h Parque das Hortiñas. Limodre. Fene.

MI VIDA ROSA

02.40 h Parque das Hortiñas. Limodre. Fene.

THE MEOWS



Nº 217
ANO XIX

EDITA:

ee | edicións **embora**
www.edicionsembora.es

Rúa Galiano, 63-1º. 15402 FERROL.

T 981 35 53 53

info@edicionsembora.es

@Aí

DIRECTOR:

Miguel Toval

DESEÑO/MAQUETA:

Jose A. Farinós

REDACIÓN E COLABORADORES:

Carmela Mor, Bea Rodríguez, Nicolás Vidal, Kiko Delgado

DEPÓSITO LEGAL:

C 4370-2007

A información dos espectáculos, os seus horarios e o lugar de celebración dos actos facilitana directamente os organizadores dos mesmos. Edicións Embora declina calquera responsabilidade pola suspensión ou modificación de calquera tipo dos devanditos actos.



Deputación
DA CORUÑA

A paisaxe que sabe

✱ Terra 
FISTERRA

 Retiro da Costiña ✱ ✱
SANTA COMBA

✱ As Garzas 
MALPICA DE
BERGANTIÑOS

 Árbore ✱
da Veira
A CORUÑA

✱ Casa 
Marcelo
SANTIAGO DE
COMPOSTELA

 O Pazo ✱
PADRÓN

✱ A Tafona 
SANTIAGO DE
COMPOSTELA

 Simpar ✱
SANTIAGO DE
COMPOSTELA

✱ O Balado 
BOQUEIXÓN

 O Secadeiro ✱
SERRA DE OUTES

ESTRELAS
MICHELÍN
2025

turismodacoruna.gal